



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 7 de decembro de 2018

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día sete de decembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral Adxunta, Sr. Gómez Corval, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1426).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1427).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO -MARXE IMPAR". EXPTE. 141/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes xurídico e de fiscalización do 05/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 04/12/18 asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18.11.16, resolveu autorizar o gasto para para redacción do proxecto de Humanización da Avda. García Barbón (dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro) a prol da empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L. (B36983906).

2.- A empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L. presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO -MARXE IMPAR-", redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Maria Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS OITO MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (508.310,73 EUROS) e data abril de 2017.

3.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, de data 03.08.2018, autorizando á execución das obras proxectadas por tratarse dunha actuación no ámbito de protección do xacemento arqueolóxico de Pontevedra Areal (GA36057083), ben incluído no catálogo de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia e no catálogo do planeamento vixente, condicionada o cumprimento das seguintes condicións: "Deberá realizarse unhas sondaxes mecánicas previas. A eses efectos O Concello xa ten presentado un proxecto de sondaxes arqueolóxicas para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural".

4.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 13 e 14 de novembro de 2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.11.2018 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO -MARXE IMPAR", redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Maria Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS OITO MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (508.310,73 EUROS) de data abril de 2017, e con sinatura dixital de data 12.11.2018.

5.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3423-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15.11.18 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 15.11.2018, que se corresponde co expediente administrativo 3423-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Maria Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS OITO MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (508.310,73 EUROS) de data abril de 2017, e con sinatura dixital de data 12.11.2018.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnico de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, de data 19.11.18, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.



Concello de Vigo

- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 20.11.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 22.11.2018.
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 22 de novembro de 2018.
- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 22.11.2018
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 04.12.2018

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 13.11.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). O crédito atópase recollido na modificación orzamentaria no 29/2018 -crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA GARCÍA BARBÓN DENDE SERAFÍN AVENDAÑO ATA ROSALÍA DE CASTRO -MARXE IMPAR”, redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Maria Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS OITO MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (508.310,73 EUROS) de data abril de 2017, e con sinatura dixital de data 12.11.2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 04.12.2018.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CINCOCENTOS OITO MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS” (508.310,73 €), sendo o importe correspondente ao IVE o de 88.219,22 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.619.00.70 “Humanización G. Barbón entre S. Avendaño e R.Castro – Marxe Impar”.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1428).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS DE CARGA E MAQUINARIA ASÍ COMO NO SEU CASO DOS SERVIZOS DE CONDUTOR, DESTINADO A REALIZAR TAREFAS BÁSICAS DE MANTEMENTO DAS VÍAS PÚBLICAS. EXPTE. 82229-250

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/12/18, dáse conta do informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Vrof	Puntos
1º	CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	36,41 %	100,00
2º	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	4,95 %	

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., o día 14 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a

CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. para presentar documentación acreditativa da solvencia económica e técnica.

Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación. Así mesmo, incorporouse ao expediente informe emitido polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais de data 3 de decembro de 2018 sobre a solvencia técnica.

Na sesión do 29 de novembro de 2018 a Mesa de Contratación revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 29 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250) por un prezo total de 871.199,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 151.199,84 euros e unha baixa proporcional única do 36,41% a aplicar de forma uniforme a todos os prezos unitarios do contrato fixados no cadro I do Anexo I ao PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1429).- PROXECTO DE AMPLIACIÓN E REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DE MARUJA MALLO. EXPTE. 11336/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03/12/18 e o informe de fiscalización do 04/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/18, asinado polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O Pleno Municipal, en sesión levada a cabo o día 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142 de Modificación Orzamentaria nº 29/2018, expoñéndose o mesmo ao público, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 127, de data 3 de xullo de 2018.

Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e non téndose presentado reclamación ningunha, considérase, por tanto, aprobada definitivamente a Modificación Orzamentaria números 29/2018, correspondente ao expediente nº 54/142, publicándose a aprobación definitiva no BOPPO Nº 145, de data 30 de xullo de 2018.

Na citada modificación orzamentaria contéplase a aplicación 1710.6090071 "**Parque Infantil Praza de Maruja Mallo**", cun importe de 400.000,00 euros.

2.- Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, por resolución de data 29 de maio de 2018, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 8.825,00 euros, para a redacción do proxecto de "Ampliación e remodelación integral do parque infantil da Praza de Maruja Mallo", a prol da empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP (B27734326), expte. 10578/446.

3.- O proxecto presentado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP, en cumprimento do contrato, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000,00 EUROS) e data xullo de 2018, con sinatura dixital de data 6 de novembro de 2018.

4.- O xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección de Obras e ASIS Municipal, en data 21 de novembro de 2018, emite informe co seguinte teor literal:

ANTECEDENTES:

Pola empresa Vilar Montoro Ingeniería, presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “AMPLIACION E REMODELACIÓN INTEGRAL DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DE MARUJA MALLO”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Enxeñeiro Civil D. Luis Vicente Vilar Montoro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCIENTOS MIL EUROS (400.000,00 EUROS) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de data 6/11/2018.

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

A actuación desenrolase na praza Maruja Mallo, que dispón de acceso directo dende a rúa Jenaro De La Fuente e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

- Previamente procederáse á retirada de elementos de xogo e mobiliario existente, a un lugar de acopios, e procederáse á demolición do arenífero existente e retirado do pavimento de caucho existentes.
- Posteriormente expón a creación dun forxado estrutural apoiado sobre o forxado existente no teito do aparcadoiro, coa finalidade de proceder á nivelación dun espazo determinado para a colocación dun elemento de xogo específico.
- Colocación de placas de soporte de elementos de xogo. Instalación dos xogos definidos nos proxectos que xenera tres zonas, diferenciando as zonas por idades. A primeira para idades maiores de 5 anos (pentacolumpios, columpio cesta nido, torre de escritores, cama elástica, megacarrusel, tirolina dobre), en zona para menores de 5 anos disporá de (pórtico de columpio, asentos varios tipos, circuito en forma de paleta, varios elementos individuais, tipos xiratorios, muelles de figuras, casita) e unha zona común con carteis indicativos. A finalización do pavimento será a base de subbase SBR con espesores variables e capa superior EDPM, con certificado de amortiguación de seguridade en zona de xogos.
- Prevenirse acometidas de abastecemento e saneamento, así como a renovación de iluminación existente incrementando o mesmo

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 2 meses.

INFORME:

No anexo 8 en apartado conclusións sinalase que o forxado existente soporta a sobrecarga proposta.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.



Concello de Vigo

CONCLUSIÓN:

A contía do proxecto é inferior a 500.000,00 euros pero a actuación afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, o presente informe ten carácter preceptivo. Art. 235 da lei 9/2017,

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son precios xerais de mercado. (segundo informe do Xefe de Montes Parques e Xardíns) de data 22/08/2018.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

PROXECTO: AMPLIACION E REMODELACIÓN INTEGRAL DO PARQUE INFANTIL DA PRZA DE MARUJA MALLO

DOCUMENTACIÓN OBXECTO DE VERIFICACIÓN	Non aplica	SI	NO N	Observacións
Documento: Memoria				
Inclúe obxecto das obras, antecedentes e situación previa das mesmas		X		Apartados 1 y 2
Presenta xustificación da solución adoptada		X		Apartados 2.1 y 2.3
Presenta referencias nas que se fundamenta o replanteo da obra		X		Plano 04
Presenta programa de desenvolvemento dos traballos		X		Anexo 2
Presenta xustificación de cálculo dos prezos		X		Anexo 1
Presenta proposta de clasificación do contratista .	X			Anexo 07
O prazo de garantía é igual ou maior de 1 ano		X		Apartado 22
Presentase adecuación a normativa vixente de accesibilidade : Orden de VIV/561/2010, ley 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e RD 35/2000.		X		Apartado 14
Inclúe indicación expresa de que as actuacións recollidas no proxecto presentan: 1) Adecuación a ordenación urbanística vixente 2) Adaptación ao contorno e 3) Respeto ás normas de protección do patrimonio cultural 4) Autorizacións doutras administracións cando así se exisa.			X	Anexo 1
Presenta revisión de prezos	X			Apartado 21
Consta declaración de obra completa aos efectos do establecido nos artigos 125 e 127 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o RXLCAP		X		Apartado 26
O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde conforme ao establecido no RD 1627/1997, de 24 de outubro		X		Anexo 03
O proxecto inclúe o correspondente estudio de xestión de residuos conforme ao establecido no RD 105/2008, de 01 de febreiro		X		Anexo 04
O proxecto inclúe estudio xeotécnico dos terreos sobre os que se vai a executar a obra	X			Apartado 16, inclúese validación de sobrecargas sobre do forxado existente.
Presenta xustificación do respecto ás normas ambientais vixentes		X		Anexo 05
Documento: Planos				
Presenta planos de conxunto que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e servizos afectados		X		
Presenta planos de conxunto e detalle, dos que poidan deducirse as medicións e a exacta realización da obra		X		
Documento: Pliego de P.T.P.				
Inclúese un apartado de descripción das obras		X		
Aparece a maneira na que se levará a cabo a medición de unidades executadas		X		
Descríbese o proceso de execución das unidades		X		
Presenta plan de ensaíos de control de calidade dos materiais a empregar		X		Anexo 09
Presenta referencia a normativa e ordenanzas xerais vixentes		X		
Documento: Presupuesto				
Presenta medicións e prezos unitarios e descompostos		X		
Os prezos dos materiais e das unidades de obra son adecuados para a execución da obra		X		
Inclúese capítulo independente para xestión de residuos .		X		Capítulo 05
Inclúese capítulo independente para seguridade e saúde		X		Capítulo 06
Documento Xeral				
O proxecto redactado por empresa externa está debidamente datado e asinado .		X		data do proxecto Xullo 2018 e sinatura dixital de data 6/11/2018
Inclúese acta de replanteo das obras	X			Segundo o artigo 126 do TRLCSP deberá realizarse unha vez aprobado o presente proxecto



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público – LCSP 2017), que, de acordo coa disposición adicional 2ª da LCSP 2017, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público)

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “AMPLIACIÓN E REMODELACIÓN INTEGRAL DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DE MARUJA MALLO”, de data xullo de 2018, con sinatura dixital de data 6 de novembro de 2018, presentado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000,00 EUROS).

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1430).- DIETAS ÓRGANO DE SELECCIÓN OEP 2010/2011. POLICÍA LOCAL (QUENDA LIBRE). EXPTE. 33065/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 30/11/18, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de RR HH, pola xefa de Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 23407/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 27309/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de **POLICÍA LOCAL**, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de **7.410,78 €**, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

Nº de persoal 13712, presidente, con DNI nº **.***.165-J, vinteseite asistencias de 42,83 € cada unha, dúas delas en sábado, importa un total de 1.199,25 €.

Nº de persoal 21054, secretario, con DNI nº **.***.250-P, vinteseite asistencias de 42,83 € cada unha, dúas delas en sábado, importa un total de 1.199,25 €.

D. Rodríguez Rey, J.F., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.118-N, con domicilio en Praza Europa, nº5 2ºD, Cambre, vintecinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraje 298 Km. x 25 x 0,19 (1.415,50 €), gastos de peaxe por 657,32 € e



Concello de Vigo

tickets de parking 7,10 €, o que supón un total de 2.079,91 € a abonar no número IBAN ES07 0238 8125 5007 0006 9602

D^a. Pereiro Domínguez, M., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.596-M, con domicilio en Rúa Jose Fernández Lopez, nº 2 1ºF, O Porriño, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraje 24,8 Km. x 25 x 0,19 (117,8 €), o que supón un total de 1.152,08 € a abonar no número IBAN ES84 2080 0524 8130 0007 8383.

D. González Costas, J., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.690-D, con domicilio en Lgar. Louriña 1ºA, O Porriño, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraje 33,4 Km. x 25 x 0,19 (158,65 €), o que supón un total de 1.192,93 € a abonar no número IBAN ES37 2100 2304 9102 0030 5435

Nº de persoal 83599, asistencia técnico-administrativa, con DNI **.***.837-Y, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, importa un total de 1.034,28 €.

Nº de persoal 16283, asistencia técnico-administrativa, con DNI nº **.***.789-L, quince asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, importa un total de 636,48 €.

Nº de persoal 82190, asistencia técnico-administrativa, con DNI **.***.363-Y, dúas asistencias de 59,67 €, importa un total de 119,34 €.

Nº de persoal 81854, asistencia técnico-administrativa, con DNI **.***.679-D, dúas asistencias de 59,67 €, importa un total de 119,34 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de vulgar as probas selectivas para a provisión en propiedade de unha praza de **POLICÍA LOCAL** correspondente á OEP 2010-2011 (2ª fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de **7.410,78 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

Nº de persoal 13712, presidente, con DNI nº **.***.165-J, vinte e sete asistencias de 42,83 € cada unha, dúas delas en sábado, importa un total de 1.199,25 €.

Nº de persoal 21054, secretario, con DNI nº **.***.250-P, vinte e sete asistencias de 42,83 € cada unha, dúas delas en sábado, importa un total de 1.199,25 €.

D. Rodríguez Rey, J.F., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.118-N, con domicilio en Praza Europa, nº5 2ºD, Cambre, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraje 298 Km. x 25 x 0,19 (1.415,50 €), gastos de peaxe por 657,32 € e tickets de parking 7,10 €, o que supón un total de 2.079,91 € a abonar no número IBAN ES07 0238 8125 5007 0006 9602

D^a. Pereiro Domínguez, M., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.596-M, con domicilio en Rúa Jose Fernández Lopez, nº 2 1ºF, O Porriño, vintecinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraxe 24,8 Km. x 25 x 0,19 (117,8 €), o que supón un total de 1.152,08 € a abonar no número IBAN ES84 2080 0524 8130 0007 8383.

D. González Costas, J., vogal do órgano de selección, con DNI nº **.***.690-D, con domicilio en Lgar. Louriña 1ºA, O Porriño, vintecinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraxe 33,4 Km. x 25 x 0,19 (158,65 €), o que supón un total de 1.192,93 € a abonar no número IBAN ES37 2100 2304 9102 0030 5435

Nº de persoal 83599, asistencia técnico-administrativa, con DNI **.***.837-Y, vintecinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, importa un total de 1.034,28 €.

Nº de persoal 16283, asistencia técnico-administrativa, con DNI nº **.***.789-L, quince asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, importa un total de 636,48 €.

Nº de persoal 82190, asistencia técnico-administrativa, con DNI **.***.363-Y, dúas asistencias de 59,67 €, importa un total de 119,34 €.

Nº de persoal 81854, asistencia técnico-administrativa, con DNI **.***.679-D, dúas asistencias de 59,67 €, importa un total de 119,34 €.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez